



CTV S.A.
Rúa Tras da Estivada, 9 - 11, 15894 Teo (A Coruña)
Tfno 981 509 202
info@ctv.gal | www.ctv.gal

**ANEXO III DO MANUAL DE XESTIÓN
DA CALIDADE E DO AMBIENTE
POLÍTICA DA CALIDADE E DO
AMBIENTE DE CTV, S.A. CENTRO DE
FORMACIÓN**

(Actualizada a 02/04/2018)

CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN presta os seus servizos formativos á comunidade, proporcionándolle tanto aos traballadores desempregados como aos ocupados, un recurso para a mellora da capacidade de inserción laboral no caso dos traballadores desempregados e un recurso para a mellora da reciclaxe no caso dos traballadores ocupados. A través da formación nas diversas especialidades homologadas no Centro, os Alumnos / Traballadores acceden a unha mellor capacitación, así como á adquisición das aptitudes e habilidades necesarias para o desenvolvemento actualizado do seu posto de traballo, tendo en conta que os sectores evolucionan continuamente.

As Accións Formativas levadas a cabo por **CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN** realízanse de acordo cunha Política de Calidade e Ambiente que se concreta en obxectivos coherentes con ela, e que está suxeita a revisión e a mellora continua, igual cá totalidade do Sistema de Xestión de Calidade e Ambiente. Para isto, o Sistema de Xestión de **CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN**, orientado sempre á satisfacción das necesidades e expectativas dos seus usuarios e clientes así como ao correcto control e xestión dos posibles impactos sobre o medio xerados polas actividades desenvolvidas no Centro, actúa como marco de referencia para o establecemento e a revisión dos citados obxectivos.

En **CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN** entendemos a Calidade e a Xestión Ambiental como o instrumento de xestión mediante o cal se planifican e desenvolven todas as nosas actividades, de maneira que se consiga o cumprimento dos requisitos legais establecidos nas especificacións dos nosos servizos, ao mesmo tempo que se obtén a satisfacción dos nosos Clientes e Usuarios e a minimización do impacto ambiental producido pola nosa actividade, facendo fincapé nos residuos xerados, especialmente aqueles de carácter perigoso.

Todos os empregados de **CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN**, desde a dirección ata o de ingreso máis recente, teñen que ter en mente a orientación ao cliente e á xestión ambiental, convertendo isto nas metas comúns e no eixe fundamental da organización que nos permita coñecer as necesidades, queixas, suxestións e desexos dos nosos usuarios e clientes e satisfacelas plenamente, e coñecer os impactos ambientais xerados polas nosas actividades, de xeito que se asegure ao máximo a protección ambiental en todas as nosas actividades.

Por iso en **CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN** optamos pola adopción dun modelo de xestión segundo as normas **UNE-EN ISO 9001:2015** e **UNE-EN ISO 14001:2015**, e pola implantación dunha Política de Calidade e Ambiente que se sustente nas seguintes premisas, que son ao mesmo tempo o marco de referencia para o establecemento dos nosos obxectivos e metas:

- ◆ Involucrar o noso persoal, mediante a formación e información e coas súas achegas, na consecución da Mellora Continua que perseguimos para a prestación dos nosos servizos.
- ◆ Compromiso de cumprir cos requisitos e de mellorar continuamente a eficacia do sistema de xestión de calidade, en busca sempre da plena satisfacción dos nosos clientes.
- ◆ Compromiso de desenvolver as nosas actividades co debido respecto pola protección do medio e mellorando continuamente as nosas prácticas ambientais.
- ◆ Coñecer e satisfacer as necesidades e expectativas dos nosos clientes, así como asegurar o cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios que sexan de aplicación polo tipo de actividade e localización xeográfica da organización e dos requisitos / compromisos voluntarios que a Organización subscriba.



CTV S.A.
Rúa Tras da Estivada, 9 - 11, 15894 Teo (A Coruña)
Tfno 981 509 202
info@ctv.gal | www.ctv.gal

**ANEXO III DO MANUAL DE XESTIÓN
DA CALIDADE E DO AMBIENTE
POLÍTICA DA CALIDADE E DO
AMBIENTE DE CTV, S.A. CENTRO DE
FORMACIÓN**

(Actualizada a 02/04/2018)

- ◆ Planificación das nosas actividades, de tal forma que se asegure a prevención da contaminación, garantizando a mellora continua do noso comportamento na xestión ambiental.
- ◆ Utilización sostible de recursos naturais, fomentando sobre todo o aforro enerxético no desenvolvemento das nosas actividades e reducindo, na medida do posible, o consumo de materias primas, así como a utilización de produtos máis respectuosos co ambiente.
- ◆ Minimizar a xeración de residuos e realizar a xestión dos mesmos intentando reutilizar, recuperar e reciclar, fronte a eliminar, sempre que sexa posible.
- ◆ Formación, sensibilización e motivación sobre protección ambiental, para lograr unha participación máis activa do persoal, elaborando e impartindo accións permanentes.

Todo isto debe repercutir en conseguir a confianza dos nosos clientes: boa imaxe, fidelización e control do gasto.

Por todo iso, a Dirección comprométese a mellorar continuamente a eficacia do Sistema de Xestión de Calidade e Ambiente, mediante revisións do sistema e o establecemento e seguimento de obxectivos e metas de calidade e ambiente.

Esta Política de Calidade e Ambiente é entendida, implantada e mantida ao día en todos os niveis da organización e conta co TOTAL COMPROMISO da Dirección de **CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN**, que a establece, desenvolve e aplica.

En Teo, a 2 de Abril de 2018.

Asdo.: RAMÓN DOMÍNGUEZ REGO

(Responsable de CTV, S.A. CENTRO DE FORMACIÓN)